

ANUNCIO

Asunto: PRORROGA DA LISTA DE ASPIRANTES S CHOFRER CONDUTOR E OFICIAL DE OBRAS

Faise público que en data 30.09.2025 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 1237/2025 cuxa parte dispositiva, no que aquí interesa, dispón:

“PRIMEIRO.- Prorrogar as listas de aspirantes aprobadas polas R.A. núm. 625/2020 e núm. 795/2020 por un período dun ano, rematando así as súas vixencias o 31.12.2026.

SEGUNDO.- Publicar un anuncio relativo á presente resolución no taboleiro de edictos e na páxina web do concello aos efectos do previsto no punto 7.7 de ambas bases.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativo podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Non obstante, poderá impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 a Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.”

En Fene, asinado o 03.10.2025 pola Sra. Alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso.

0-0
096
150
P-
F-
C.I.

CVD: mmezhzk5fANaIiQgrgzWk Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.